En particular este proxecto, tratará de establecer distintos modelos de tipo paramétrico ou non paramétrico para modelos de regresión con covariable direccional e resposta continua ou binaria. Os modelos aplicaranse a datos de tipo medioambiental, onde a covariable fundamental é a dirección do vento e, a resposta son indicadores de niveis de dióxido de xofre ou óxidos de nitróxeno.

Un dos obxectivos finais deste proxecto é poder continuar ca frutífera relación entre a Sección de Medio Ambiente da U.P.T. As Pontes e o Departamento de Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Santiago de Compostela da que nace un sistema preciso de predición de indicadores de polución. Esta ferramenta denomínase Sistema de Predición Estatística de Inmisión (SIPEI) e sufriu múltiples adaptacións ó longo destes anos. A implantación e a súa mellora producíronse grazas ó compromiso de Endesa co medio ambiente e o seu interese por mellorar e adaptarse ás distintas circunstancias. Este sistema de predición é unha importante ferramenta de información e axuda na toma de decisións na central.

O SIPEI emprega datos de inmisión minutais, dispoñibles a través do sistema MEDAS, para obter predicións dos valores de dióxido de xofre e óxidos de nitróxeno, con media hora de antelación, utilizando modelos aditivos. Este sistema de predición tamén proporciona unha predición probabilística de superación dos niveis de SO₂ e NO_x, tendo en conta os límites contemplados na lexislación vixente. Ademais, calcula a probabilidade estimada de que a central térmica ou o ciclo combinado ou outra fonte sexan os causantes dun certo episodio de alteración da calidade do aire.

Nos últimos anos, o SIPEI adoptou unha estrutura modular na que se poden distinguir tres grandes bloques: a conexión, a predición e a visualización.

- A conexión engloba todo o que ten que ver coa orixe, a estrutura e a maneira de obter os datos. Constitúe a unión entre o provedor dos datos e o propio sistema de predición. Neste módulo obtéñense os datos orixinais, formatéanse convenientemente e pónense a dispor do módulo de predición.
- A predición fai referencia ós aspectos máis metodolóxicos, matemáticos e estatísticos. Neste módulo encóntranse os procesos xurdidos da implementación dos modelos desenrolados. Ademais, lense os datos formateados, aplícanse os modelos, realízanse os cálculos, obtéñense os resultados e pónense a dispor do módulo de visualización.
- A visualización comporta aspectos relacionados coa presentación e estruturación da información. Neste módulo lense os resultados, xéranse os gráficos e os informes e ponse toda a información a dispor do usuario.

PLAN DE DIFUSIÓN E EXPLOTACIÓN DE RESULTADOS

Os avances logrados durante a execución deste proxecto estarán ó alcance da comunidade investigadora e da sociedade en xeral, a través da publicación de Technical Reports (accesibles desde a páxina web do departamento <http://eio.usc.es/pub/reports.html>), de comunicacións en congresos, do proxecto final do Máster en Técnicas Estatísticas que está a cursar unha das integrantes do equipo e das teses doutorais doutros membros do grupo.

Tamén se publicarán artigos en revistas internacionais incluídas nos Journal Citation Reports tanto nas de carácter máis metodolóxico (Scandinavian Journal of Statistics, Canadian Journal of Statistics, Statistica Sinica) como nas máis aplicadas (Technometrics, Environmetric, Journal of Chemometrics, Computational Statistics, Data Analysis, Journal of Geophysical Research, Atmosphere, Wind energy, Journal of Multivariate analysis, Journal of Agricultural, Biological, and Environmental Statistics, Ecological Applications.) ou de carácter máis computacional (Journal of Statistical Software). Por outra banda, dous membros do equipo pertencen a ERCIM (European Research Consortium for Informatics and Mathematics, <http://www.ercim.org/>) como coordinadores, xunto con Frederic Ferraty e Philippe Vieu da Université Paul Sabatier de Toulouse, do tópic Statistics for Functional Data dentro do grupo de traballo Computing & Statistics (<http://www.dcs.bbk.ac.uk/ercim/TrackSFD.html>). O departamento tamén forma parte da rede europea IAP (<http://www.stat.ucl.ac.be/IAP/PhaseVI/index2.html>) que organiza workshops, seminarios, cursos,... Todo isto favorecerá a difusión internacional dos resultados obtidos e do software creado. Ademais o grupo tamén pertence á rede matemática Consulting and Computing de Galicia, da que é coordinador o IP deste grupo. Este nodo xorde dentro do proxecto Consolider Ingenio MATHEMATICA coa misión de tomar iniciativas encamiñadas á transferencia de coñecemento matemático ó sector produtivo, promovendo o uso de métodos e técnicas matemáticas na industria e na empresa en xeral, na xestión do medio ambiente, así como a investigación en temas de interese para o desenvolvemento tecnolóxico.

Recentemente o departamento organizou o V International Workshop on Spatio-Temporal Modelling (METMAV: <http://eio.usc.es/pub/metma/>) celebrado na facultade de Matemáticas de Santiago de Compostela desde o 30 de Xuño ó 2 de Xullo de 2010, promovendo así o desenvolvemento e a aplicación de métodos estatísticos espazo-temporais en diferentes campos relacionados coas Ciencias Medioambientais. Ademais, un número especial de Environmetrics será editado cos traballos presentados e terá como editor xefe o IP da presente solicitude. Tamén se publicará outro número especial do Journal of Environmental Statistics.

Hai que sinalar ademais que a próxima edición do International Workshop on Functional and Operatorial Statistics (IWFOS) celebrarase en Santander (España) en 2011. O IP do noso grupo está a participar activamente na súa organización, posto que é coorganizador xunto con Frederic Ferraty (Univ. de Toulouse) e Juan Cuesta (Univ. de Cantabria). Este evento é moi importante en canto a difusión de resultados xa que atraerá ós estatísticos interesados no desenvolvemento de métodos que afrontan o problema da elevada dimensionalidade.

Para a construción do software empregárase a linguaxe de programación R (software libre). Está ferramenta será empregada para a creación dun paquete de datos funcionais que estará a disposición de futuros usuarios no repositorio de contribucións (<http://cran.r-project.org/>).

Todos os resultados que se van obter permitirán o estudo de datos medioambientais ou de tipo ecolóxico, a predición da evolución de indicadores de polución,... o que favorecerá a transferencia tecnolóxica de todos estes avances teóricos ao mundo empresarial (Posibles beneficiarios: ENDESA).

32618861P

cod_web: 7779

IN825J

MDS 1

INTERESE PARA O SECTOR E POSIBLES BENEFICIOS

Tanto a temática dos datos funcionais como a temática dos datos direccionais son de recente aparición polo que existe un amplo abanico de liñas de investigación que aínda se atopa sen explorar.

Por iso un dos principais obxectivos deste proxecto será estender os modelos de predición xa construídos no ámbito unidimensional e multidimensional ó terreo funcional, o que é de grande interese desde o punto de vista teórico. Outro obxectivo será clasificar as fontes de inmisión dos niveles de SO₂ e NO_x para coñecer con maior precisión e rapidez se a orixe dun episodio de alteración de calidade de aire é a central térmica, o ciclo combinado ou outra fonte esóxena.

Ademais esta metodoloxía pode proporcionar ferramentas para o tratamento de grandes cantidades de datos de carácter funcional de diversas disciplinas (Economía, Medio Ambiente, Medicina, Química,...), que os modelos existentes non son capaces de tratar de maneira adecuada.

Por outra banda, este proxecto tamén ten como obxectivo levar os datos direccionais ó campo das series de tempo, o que é de gran interese tanto desde un punto de vista teórico como práctico. Ademais, isto será beneficioso á hora de construír modelos de predición xa que se poderán incluír variables meteorolóxicas (por exemplo, dirección e velocidade do vento) ó longo do tempo e perfeccionar así os sistemas de predición ambientais.

Cabe notar que estes obxectivos están orientados nun principio a ser aplicados na U.P.T As Pontes, aínda que tamén estes resultados serán aplicables noutras empresas, como por exemplo calquera industria que produza emisións de contaminantes (centrais térmicas de gas ou carbón, cementeiras, altos fornos).

A xeneralidade e validez dos modelos de predición implementados empregando datos funcionais e direccionais, permitirán estendelos tanto a outros sectores enerxéticos (xeración de enerxía eólica) como sectores medioambientais (control de incendios, indicadores de polución,).

EXEMPLAR NON VALIDO

32618861P

cod_web: 7779

MDS 1 IN825J

METODOLOXÍA

No que ó desenvolvemento matemático se refire, a metodoloxía a seguir será a habitual nestes casos empregando tanto ferramentas estatísticas como probabilísticas. Primeiramente, se desenrolará nova metodoloxía nos tres grandes campos de estudo: deseño dun modelo semiparámetrico multidimensional no eido das series temporais, elaboración dun modelo de predición con datos direccionais e construción dun novo estimador para a regresión funcional. Seguidamente, se levará a cabo a validación de tódolos modelos a través de estudos de simulación e aplicación os datos reais. Ademais farase unha extensión das técnicas de aprendizaxe ós datos funcionais.

En canto ó aspecto computacional, o software que se constrúa estará escrito na linguaxe de programación R. O entorno de programación estatística R consolidouse como unha plataforma de desenvolvemento de algoritmos estatísticos avanzados. É de libre distribución e gratuito, o que fai accesible a toda a comunidade científica, académica e profesional os resultados das aplicacións e métodos implementados. As técnicas e tratamentos básicos xa están implementados no repositorio de contribucións (<http://cran.r-project.org/>). Ademais, ó traballar con grandes conxuntos de datos, sobre os que se farán continuas remostraxes, xerárase unha carga computacional considerable que fará imprescindible o emprego de equipos informáticos veloces e con gran capacidade.

No relativo á metodoloxía de traballo propiamente dita, os sete membros do grupo reuniranse semanalmente. Por outra banda, as viaxes que a integrante do equipo María Leyenda realiza dúas veces á semana a Central Térmica de As Pontes, permitirán a transferencia tecnolóxica dos traballos realizados á área medioambiental. Cómpre salientar a relación entre o grupo e a Sección de Medio Ambiente da Central Térmica de As Pontes desde fai 22 anos (a través de varios proxectos entre ENDESA e a USC, como se pode observar nos currículos dos membros do equipo) xa propiciou a transferencia tecnolóxica ó longo dos últimos anos (anéxase unha carta do xefe da Sección de Medio Ambiente da Central Térmica). Mostra disto é a aplicación de numerosas metodoloxías estatísticas para a predición de niveis de SO₂, e agora de NO_x, como se amosa no diagrama que se anexa.

Segundo o establecido no punto IV do artigo 2 da Orde de Convocatoria non se terán en conta nin serán valoradas memorias adicionais á memoria científico-técnica incluída no formulario de solicitude. O contido dos arquivos anexados debe limitarse a fotografías, imaxes, gráficas, diagramas, formulas, etc. O texto da memoria debe incluírse unicamente nos espazos do formulario.

PLAN DE TRABAJO (ETAPAS, RECURSOS ASIGNADOS, CUMPRIMENTO DOS OBTXECTIVOS, CRONOGRAMA,...)

O traballo do proxecto está planificado para unha duración de tres anos. A continuación detállanse as actividades a realizar en cada un deles.

Primeiro ano.

Levarase a cabo unha análise exploratoria e unha profunda revisión das metodoloxías relativas ás series temporais (con especial atención as multidimensionais e a cointegración), datos funcionais e datos direccionais. A partir de dito traballo levaranse a cabo os modelos propostos nos obxectivos 1.1, 2.1 e 3.1, seguido da estimación e contrastes dos correspondentes modelos.

Segundo ano.

Traballarase con técnicas de remostraxe para a construción dos intervalos de predición dos modelos 1.1 mediante técnicas Bootstrap e realizaranse simulacións para a súa validación. Ademais, construíranse diversos modelos de clasificación supervisada empregando técnicas funcionais. Isto corresponde ó cumprimento dos obxectivos 1.3 a 1.4 e 2.2. Tamén se desenvolverán modelos de predición con datos direccionais (obxectivo 3.2).

Realizaranse estudos de simulación e validación dos algoritmos programados, que estarán a dispor da comunidade científica a través da web do proxecto. Desenrolaranse un módulo de análise exploratorio e outro de modelos de regresión para datos funcionais que formarán parte dunha librería de R. Dita librería colgarase no repositorio internacional de contribucións (<http://cran.r-project.org/>). Isto correspóndese co punto 4.2.

Terceiro ano.

Realizaranse estudos de simulación e validación dos algoritmos desenrolados (obxectivo 1.4 e 3.3) e colgaráanse na web do proxecto. Aplicaranse os resultados obtidos durante os dous anos anteriores a datos medioambientais (obxectivos 1.5, 2.3 e 3.4). O software construído para o ámbito funcional engadirase no repositorio de contribucións (<http://cran.r-project.org/>). Dito software favorecerá a transferencia tecnolóxica a empresas como ENDESA. Isto corresponde ó cumprimento do obxectivo 4.1.

Tódolos membros do equipo participarán activamente nas tarefas anteriormente mencionadas. Por outra banda, ó longo de todo o proxecto haberá reunións periódicas con representantes de ENDESA, o que axudará a mellorar a aplicabilidade dos traballos realizados.

Anéxase un cronograma coas tarefas previstas para os tres anos de duración do proxecto.

Segundo o establecido no punto IV do artigo 2 da Orde de Convocatoria non se terán en conta nin serán valoradas memorias adicionais á memoria científico-técnica incluída no formulario de solicitude. O contido dos arquivos anexados debe limitarse a fotografías, imaxes, gráficas, diagramas, formulas, etc. O texto da memoria debe incluírse unicamente nos espazos do formulario.

(SÓ NO CASO DE PROXECTOS EN COLABORACIÓN)

COMPLEMENTARIEDADE DOS EQUIPOS DE INVESTIGACIÓN E BENEFICIOS DA COLABORACIÓN

EXEMPLAR NON VÁLIDO

MDS 1 IN825J cod_web: 7779 32618861P

PROGRAMACIÓN DAS ACCIÓNS DOS DISTINTOS SUBPROXECTOS

EXEMPLAR NON VÁLIDO

MDS 1 IN825J cod_web: 7779 32618861P

EXPLICACIÓN E XUSTIFICACIÓN DE CADA UN DOS CONCEPTOS DE GASTO QUE CONFORMAN O CUSTO TOTAL DO PROXECTO

PERSOAL CONTRATADO.

Un dos obxetivos relevantes do proxecto consiste na transferencia e desenvolvemento de metodoloxía e a súa difusión entre a comunidade científica. Para este fin é necesario contratar a un licenciado con amplos coñecementos tanto en estatística como en linguaxes de programación que sexa capaz de implementar os algoritmos xerados polo proxecto.

MATERIAL INVENTARIABLE OU BIBLIOGRÁFICO.**1. Actualización de 7 ordenadores persoais dos membros do equipo.**

Como se expón no apartado 1B-13 a antigüidade media dos equipos persoais dos membros do grupo é de dous anos e prevense a necesidade de renovar estes equipos na metade do proxecto cun custo promedio de 600 por unidade.

2. Bibliografía

Durante o primeiro ano do proxecto revisaranse minuciosamente as metodoloxías relativas ás series temporais, os datos direccionais e funcionais existentes. Para isto é imprescindible que o grupo adquira libros de máximo interese nestes campos (como algúns dos citados no apartado do Estado da Arte) así como todos os que se vaian publicando durante os próximos anos.

MATERIAL FUNXIBLE**1. Consumibles, gastos en material de impresora e papel.**

Neste apartado inclúese todos os gastos dos membros do equipo relativos a material de oficina fundamentalmente relacionados con impresións.

DESPRAZAMENTOS**1. Dúas viaxes semanais á Central Térmica de As Pontes.**

Un dos membros do grupo viaxa dúas veces á semana á Central Térmica de As Pontes, o que permite dirixir as aplicacións das metodoloxías estudadas cara a resolución de problemas e necesidades reais do mundo empresarial, favorecendo a transferencia tecnolóxica dos resultados obtidos.

2. Desprazamentos a congresos, foros e seminarios.

Considérase de gran importancia a difusión dos resultados acadados polo proxecto en congresos, foros e seminarios. Para este fin prevense tres viaxes ao ano a reunións deste tipo para os membros do grupo así como o acceso ás metodoloxías que outros grupos de investigación estean a desenvolver en campos afíns tanto ás series de tempo como aos datos direccionais e funcionais, e ás súas aplicacións medioambientais ou doutros campos.

32618861P

cod_web: 7779

MDS 1 IN825J

EXPERIENCIA DA EMPRESA/ EQUIPO DE INVESTIGACIÓN NA DIRECCIÓN DOUTROS PROXECTOS DE I+D+i E A TRANSFERENCIA DE RESULTADOS AO SEU SECTOR PRODUCTIVO.

Tanto o IP Wenceslao González coma José M. Prada e Manuel Febrero, teñen ampla experiencia en diversas liñas de investigación: Inferencia en modelos espazo-temporais (aplicación na predición medioambiental con mapas de SO₂ e dirección de vento, predición xeolóxica, modelos ecolóxicos,), Modelización econométrico-financeira, Técnicas de aprendizaxe (aplicación no control industrial, aplicacións medioambientais na predición de niveis de SO₂,), tests de bondade de axuste para modelos diversos, Inferencia con datos funcionais (aplicación á predición de series de tipo de interese, de curvas de ozono,),etc. Ademais, tamén son integrantes de varias redes de investigación tanto a nivel nacional (proxecto Consolider I-MATH dentro da rede matemática Consulting; nodo Cesga) como internacional (IAP Network), e dos proxectos de investigación de convocatoria pública: Metodología y aplicaciones en Estadística Semiparamétrica (2005-2008) e Metodologías y aplicaciones en estadística semiparamétrica, funcional y espazo-temporal (2009-2013); con IP: Wenceslao González-Manteiga; subvencionados polo Ministerio de Educación y Ciencia, do que tamén forman parte Adela Martínez e María Piñeiro. Por razóns de espazo omítense a participación en proxectos con empresas, capítulos de libros ou proceedings, e numerosas aportacións en distintos congresos de rango nacional e internacional. Outros membros do grupo, María Piñeiro, Adela Martínez e Manuel Oviedo, teñen experiencia na participación en outros proxectos de investigación a nivel autonómico e nacional como se pode consultar nos seus currículums. Ademais María Leyenda ten un contrato financiado por Endesa e realiza viaxes dúas veces a semana a central de As Pontes.

Por razón de espazo só se citan as 18 máis importantes e recentes das 78 publicacións dende 2005 e relacionadas co proxecto. Para máis información consultar os currículums.

- 1) Cuesta-Albertos, JA., Febrero-Bande, M. (To appear). "A simple multiway ANOVA for functional data". TEST. Springer
- 2) Martínez Calvo, A., González-Manteiga, W. (To appear). "Bootstrap in functional linear regression". Journal of statistical planning and inference. Elsevier Science
- 3) Reboredo, J.C., González-Manteiga, W., Febrero-Bande, M., Matías, J.M. (2010). "Boosting GARCH and neural networks for the prediction of heteroskedastic time series". Mathematical and Computer Modelling. 51. 256-271. Elsevier
- 4) Crujeiras, R., Fernández-Casal, R., González-Manteiga, W. (2010). "Goodness-of-fit tests for the spatial spectral density". Stochastic Environmental Research and Risk Assessment. 24. pp. 67-79. Springer
- 5) Febrero-Bande, M., Galeano, P., González-Manteiga, W. (2010). "Measures of influence for the functional linear model with scalar response". Journal of Multivariate Analysis. 101. 327-339. Elsevier
- 6) González-Manteiga, W., Ordoñez, C., Taboada, J., Matías, J.M. (2010). "Partially linear support vector machines applied to the prediction of mine slope movements". Mathematical and Computer Modelling. 51. pp. 206-215. Elsevier
- 7) Castellano, M., Franco, A., Cartelle, D., Febrero-Bande, M., Roca, E. (2009). "Identification of NO_x and Ozone Episodes and Estimation of Ozone by Statistical Analysis". Water, Air and Soil Pollution. 198. 95 110
- 8) Crujeiras, R., Fernández-Casal, R., González-Manteiga, W. (2009). "Nonparametric test for separability of spatio-temporal processes". Environmetrics. DOI_10.1002/env.1006. Wiley
- 9) Menezes, R., García-Soidán, P.H., Febrero-Bande, M. (2008). "A kernel variogram estimator for clustered data". Scandinavian Journal of Statistics. 35, 1. 18-37. Blackwell Synergy
- 10) Febrero-Bande, M., Galeano, P., González-Manteiga, W. (2008). "Outlier detection in functional data by depth measures with application to identify abnormal NO_x levels". Environmetrics. 19, 4. 331-345
- 11) Fernández de Castro, B.M., González-Manteiga, W. (2008). "Boosting for real and functional samples. An application to an environmental problem". Stochastic Environmental Research and Risk Assessment. 22, 1. 27-37
- 12) Martínez, M.D., Raya-Miranda, R., González-Manteiga, W., González-Carmona, A. (2008). "A bootstrap local bandwidth selector for additive models". Journal of Computational and Graphical Statistics. 17, 1, 38-55
- 13) Raya-Miranda, R., Martínez, M.D., González-Manteiga, W. (2008). "Sizer map for inference with additive models". Statistics and Computing. 18. pp. 297-312. Springer
- 14) Crujeiras, R., Fernández-Casal, R., González-Manteiga, W. (2007). "Comparing spatial dependence structures using spectral density estimators". Environmetrics. 18. pp. 793-808. Wiley InterScience
- 15) Febrero-Bande, M., Cuevas, A., Fraiman, R. (2006). "On the use of the bootstrap for estimating functions with functional data". Computational Statistics & Data Analysis. 51, nº 2. 1063-1074.
- 16) Fernández de Castro, B.M., Guillas, S., González-Manteiga, W. (2005). "Functional Samples and Bootstrap for Predicting SO₂ Levels". Technometrics. 47, n. 2. 212-222
- 17) Roca, J., Cadarso, C.M., González-Manteiga, W. (2005). "Testing for interactions in Generalized Additive Models: application to SO₂ pollution". Statistics and Computing. 15, 289-299.
- 18) Aira, M.J., Castellano, M., Iglesias, I., Jato, V., González-Manteiga, W. (2005). "Artificial neural networks as a useful tool to predict the risk level of Betula pollen in the air". International journal of Biometeorology. 49. 310-316. Springer

INSTALACIÓNS, INSTRUMENTOS E TÉCNICAS DISPONIBLES PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO.

Instalacións e instrumentos

O departamento de Estatística e Investigación Operativa da USC que forman parte os membros do grupo posúe un grid de computación paralela que consta de 15 servidores AMD Opteron 2.4GHz con dobre procesador, dobre núcleo e 16 GB de RAM. Este equipamento ten unha antigüidade de tres anos e úsase para satisfacer as necesidades de computación e simulación que o proxecto poida precisar. Ademais cada un dos membros dispón dun ordenador persoal con procesador Intel Core2 6600 2.4GHz 4 GB de RAM que teñen unha antigüidade media de 2 anos.

EXEMPLAR NON VÁLIDO

32618861P

cod_web: 7779

MDS 1 IN825J

OUTROS MEDIOS NECESARIOS NON DISPONIBLES.

EXEMPLAR NON VÁLIDO

MDS 1 IN825J cod_web: 7779 32618861P

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN SOLICITADA NO DOCUMENTO 1-A

GASTOS DE PERSOAL CONTRATADO TITULADO SUPERIOR , IMPLEMENTACIÓN DE ALGORITMOS , 3 ANOS	69.000
SUBTOTAL	69.000
MATERIAL INVENTARIABLE OU BIBLIOGRÁFICO (XUSTIFICACIÓN DETALLADA)	
ACTUALIZACION DE 7 ORDENADORES PERSOAIS	4.200
BIBLIOGRAFIA	3.000
SUBTOTAL	7.200

MATERIAL FUNXIBLE (XUSTIFICACIÓN DETALLADA)

CONSUMIBLES DE IMPRESORA: TÓNERES; PAPEL; CARTUCHOS; ...

4.000

SUBTOTAL

4.000

AXUDAS DE CUSTO POR DESPRAZAMENTO

VISITAS SISTEMÁTICAS A CENTRAL TÉRMICA DE AS PONTES

18.000

CONGRESOS; FOROS E SEMINARIOS

5.400

SUBTOTAL

23.400

EXEMPLAR NON VÁLIDO

OUTROS GASTOS (XUSTIFICACIÓN DETALLADA).

SUBTOTAL

0

(Euros)

IMPORTE DO PROXECTO

(I)

103.600

CUSTOS INDIRECTOS (15% de (I))

(II)

15.540,00

SUBVENCIÓN SOLICITADA

(I) + (II)

119.140,00

**PROXECTOS EN COLABORACIÓN
RESUMO DO PRESUPOSTO TOTAL DO PROXECTO**

Documento 4-9

	SUBPROXECTO 1	SUBPROXECTO 2	SUBPROXECTO 3	SUBPROXECTO 4	SUBPROXECTO 5	SUBPROXECTO 6	
ENTIDADE SOLICITANTE	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA						TOTAIS
CONCEPTOS	CUSTO	CUSTO	CUSTO	CUSTO	CUSTO	CUSTO	
PERSOAL TÉCNICO PROPIO	0						0
PERSOAL ADICIONAL CONTRATADO	69.000						69.000
MATERIAL INVENTARIABLE	7.200,00						7.200,00
SERVIZOS TECNOLÓXICOS EXTERNOS	0						0
MATERIAL FUNXIBLE	4.000						4.000
GASTOS DE VIAXES	23.400						23.400
SUBCONTRA-TACIÓNS	0,00						0,00
OUTROS GASTOS	0						0
15% DE CUSTOS INDIRECTOS	15.540,00						15.540,00
TOTAIS	119.140,00						119.140,00

DECLARACIÓNS

D./D.^a WENCESLAO GONZALEZ MANTEIGA, co DNI n.º 32618861P,
investigador principal do equipo solicitante dunha axuda para o proxecto
MODELOS DE INFERENCIA NON PARAMÉTRICA PARA INDICADORES MEDIOAMBIENTAIS

DECLARA:

☒ Que non ten solicitado nin, en consecuencia, concedida ningunha axuda para o mesmo fin ao que se refire a presente solicitude, por ningunha das Administracións Públicas competentes ou polos seus organismos ou sociedades.

☐ Que ten solicitado e, no seu caso, concedidas as seguintes axudas para a mesma finalidade:

Denominación do organismo, sociedade ou entidade pública á que lle foi solicitada a axuda	Datas de (1)		Importe	
	Solicitude	Concesión(2)	Solicitado	Concedido(3)

(1) Especificar o D.O.G., B.O.E., etc. no que foi convocada e/ou resolta a axuda solicitada.

(2) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase "PENDENTE" nesta columna.

(3) Nas solicitudes denegadas farase constar "0 euros" nesta columna.

☒ Que se compromete a utilizar a lingua galega na realización do proxecto arriba indicado para o que se solicita a axuda de conformidade co establecido no artigo 20.2.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade cos apartados 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, AUTORIZO EXPRESAMENTE á Consellería á publicación no Diario Oficial de Galicia, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos correspondentes, dos datos de carácter persoal que esixen as referidas normas, referidos tanto a información sobre as axudas concedidas como as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse.

SANTIAGO DE COMPOSTELA , 29 de xullo de 2008

(sinatura)